ANAQUIÑO

XORNAL Nº 54 DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
CEIP FREI LUÍS DE GRANADA-SARRIA (LUGO)

CURSO 2020/2021

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

SUMARIO

CHEGOU SETEMBRO E CON EL O TAN DESEXADO REENCONTRO...

NON COMEZABA UN CURSO SINXELO, CHEO DE PROTOCOLOS, XELES, CONFINAMENTOS, CRIBADOS, DISTANCIA SOCIAL...PERO UNHA VEZ QUE SE ABRIRON AS PORTAS DO COLE TRAS OS TAPABOCAS OS VOSOS SORRISOS E OS VOSOS OLLIÑOS CHISPEANTES DE EMOCIÓN ENCHÉRONNOS DE ILUSIÓN E GAÑAS DE SACAR ADIANTE UN CURSO UN TANTO ESPECIAL .

MOITOS MEDOS E INTERROGANTES, PERO CHEGADO XUÑO E UNHA VEZ REMATADO, SENTÍMONOS VENCEDORES NUN RETO QUE NON SE PRESENTABA DOADO E ISO FOI POSIBLE GRAZAS AO TRABALLO EN EQUIPO FAMILIAS-ESCOLA.

ABRIMOS PARA VÓS O PANO DO CURSO 2020/2021.

O OUTONO CHEGOU CARGADO DE MÚSICA E ALGO "PREGUNTÓN".NO SAMAÍN AS VOSAS ARREPIANTES CABAZAS TRANSPORTÁRONNOS AO MUNDO DO TERROR. NO DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO AS NOSAS MOCHILAS MENSAXEIRAS ESPALLARON POLA VILA VERBAS DE ÁNIMO E CONCIENCIACIÓN.

POLO NADAL OS NOSOS MELLORES DESEXOS MATERIALIZÁRONSE NUNHAS FERMOSÍSIMAS TARXETAS NAVIDEÑAS E
VIRAMOS SEN PARAR PARA FELICITARVOS AS FESTAS .A NOSA PARTICULAR HOMENAXE A PAU DANÉS E A MENSAXE DE VIDA QUE NOS DEIXOU "ISO QUE TI ME DAS..."

O MECO E AS GAÑAS DE FESTA, CHEGARON POLO ENTROIDO E DÍA TRAS DÍAS DISFRUTAMOS COS SEUS MANDADOS BOTÁNDOLLE IMAXINACIÓN E LOCINDO AS NOSAS MELLORES GALAS. ROSALÍA,ENCHEUNOS DE MAXIA E POESÍA E O DÍA DA MULLER AXUDAMOS A VISIBILIZAR E POÑER EN VALOR O PAPEL DAS MULLERES NA CIENCIA.

SEN DARNOS CONTA, CHEGOU A FESTA DAS LETRAS, E A NOSA "QUERIDA XELA "ENTROU NA NOSA AULA, TRANSMITIUNOS O SEU AMOR POLA LÍNGUA E A LITERATURA E SOBRE TODO AS SÚAS ANSIAS DE LOITA E LIBERDADE.

ESPERAMOS QUE DISFRUTES DO RECOLLIDO NESTA 54º EDICIÓN DO NOSO BENQUERIDO ANAQUIÑO QUE ANO TRAS ANO REFLICTE O DÍA A DÍA NA ESCOLA QUE COMO VEREDES ESTÁ CHEO DE GRANDES MOMENTOS.

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA E O CLAUSTRO DE MESTRES DESEXAMOS QUE DISFRUTEDES DO VERÁN E AXIÑA TODO VOLVA Á TAN DESEXADA NORMALIDADE.

FELICES VACACIÓNS A TOD@S !

ESPERÁMOSVOS(ESPEREMOS), NO NOVO FREI PARA COMPLETAR UN REENCONTRO ENORMEMENTE DESEXADO!

POR FIN TODOS XUNTOS, NA NOSA ESCOLA!

PREGUNTOIRO DE OUTONO

ATENCIÓN, ATENCIÓN, XA ESTÁN AQUÍ
AS ADIVIÑAS DO OUTONO
DO COLEXIO DO FREI LUÍS!

SON PEQUEÑINA
A MIÑA COR É MARRÓN
CANDO CHEGA O OUTONO
MÉTENME NO FOGÓN.
QUE SON?

AVE TEÑO DE NOME
DE LA O REVESTIMENTO
QUE NON O ADIVÍÑE
NON TEN DISCORREMENTO.

UNHA VELLA CARCOMIDA
TIVO UN FILLO ENREDADOR
MOITOS FILLOS CALADIÑOS
E UN NETO FALADOR.

NIN ME TRATAN NIN ME CAVAN
NIN ME ENREDAN NIN ME PODAN
ASÓMOME CANDO QUERO
E ESFÚMOME CANDO ME DA A GAÑA.

PARA QUE EU BAILE PÓÑENME A CAPA
PORQUE SEN CAPA NON PODO BAILAR
PARA QUE BAILE TÍRANME A CAPA
PORQUE CON CAPA NON PODO BAILAR.

ENTRE PÓCIMAS E BREBAXES
E ALGÚN QUE OUTRO MALEFICIO
SER A MALA DOS CONTOS
FOI SEMPRE O MEU OFICIO.
QUE SON?

SON VERDE POLO VERÁN
PERO EN OUTONO XA NON O SON
SE ME QUERES ATOPAR
MIRA CARA ARRIBA E AÍ ESTOU.

NO ALTO ESTOU
E ESQUÍOS VEXO VIR
DA MIÑA CARRAPUCHIÑA NON PODO SAIR.
SABEDES QUE É?

SON REDONDA COMA O MUNDO
PARA MORDER TODOS ME ESGAZAN
DÉIXANME SÓ O PELEXO
E TODO O ZUME ME SACAN.

DÍA DO PEÓN!

"POLO SAN MARTIÑO
PEÓNS AO CAMIÑO
POLO SAN AMARO
PEÓNS AO FAIADO"

ASÍ O CELEBRAMOS...

CONCURSO DE ACROBACIAS

CONCURSO DE BAILARETAS

CONCURSO DE BAILADORES DE PEÓNS

CONCURSO DE RELEVOS

BIBLIOTECA "RATILÍN"

Este curso a biblioteca non contou cun espazo amplo para poder recibir ao alumnado. Aínda así, non estivo pechada. O profesorado serviu de ponte entre a biblioteca e o alumnado, para acercar á aula os fondos dispoñibles, tanto informativos coma literarios. A biblioteca colaborou cos Equipos de Dinamización Lingüística e de Actividades Extraescolares e Complementarias na celebración das diferentes conmemoracións.

Esperamos que o vindeiro curso a biblioteca "Ratilín" volva a recibir a nenas e nenos, e seguir sendo fonte de recursos imprescindibles para levar a cabo o seu proceso de aprendizaxe.

VISITA O BLOGUE "RATILÍN"

http://bibliotecaceipfreiluis.blogspot.com/



TRABALLO REALIZADO
POLOS NENOS/AS DE 2º A

SAMAÍN

UNHA DAS FESTAS MÁIS ESPERADAS...CABAZAS, PANTASMAS, DISFRACES TERRORÍFICOS, BAILES, MÚSICA....UNHA MESTURA ARREPIANTE QUE FIXO A DELICIA DOS NOSOS NEN@S.
UNS VALENTES!
UNHA VEZ MAIS GRAZAS ÁS NOSAS FAMILIAS POR DENDE A CASA COMPARTIR UN ANACO DE TEMPO EN FAMILIA ELABORANDO UNHAS FANTÁSTICAS CABAZAS.

EXPOSICIÓN ON LINE

FESTA NO COLE!

ESTE ANO POLO COVID O TÚNEL DO TERROR ESTIVO PECHADO.... PREPARAIVOS PARA O CURSO VINDEIRO
UUUUUUUUUU!!!
VAI SER TERRORÍFICO!

VOZ NATURA

Voz Natura é un programa de educación medioambiental desenvolvido co obxetivo de concienciar e implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza.

No cole organizáronse diferentes actividades e proxectos, tanto en infantil como en primaria…

Actividades na aula que temos ao aire libre, que nos veu fenomenal neste curso marcado pola pandemia.

OBRADOIROS, LECTURA MANUALIDADES SEMENTEIRA XOGOS DE MESA...

Xardín vertical para decorar o patio.

PASIÑO A PASIÑO O NOSO PATIO VAISE HUMANIZANDO.

PLANTAS, FLORES, ÁRBORES , MATERIAIS NATURAIS...

SEGUIREMOS TRABALLANDO!

AS MONITORAS DE CONCILIA INVOLUCRÁRONSE COS MESTRES CO OBXECTIVO DE CREAR CONCIENCIA SOBRE A IMPORTANCIA DE COIDAR E RESPETAR O MEDIO NATURAL.
FANTÁSTICO EQUIPO!

Elaboración de xabón e decorado de camisetas, de xeito natural.

Creación de mensaxes para o coidado da natureza na sección bilingüe de plástica en inglés.

CONCIENCIACIÓN
RESPETO
EDUCACIÓN
MEDIOAMBIENTAL

OS NOSOS NENOS/AS COIDADORES DO PLANETA

Proxecto audiovisual " Querida Xela"

https://www.youtube.com/watch?v=Mqf-7mp981w

APRENDIZAXES VIVENCIADAS E UN ACHEGAMENTO AOS NOVOS SOPORTES DE INFORMACIÓN.

Outras actividades con soporte audiovisual (código Qr)

Saídas ao entorno natural de Sarria

A EXCELENTE UBICACIÓN DO FREI LUÍS PERMITIMOS DISFRUTAR DAS FANTÁSTICAS INSTALACIÓN NATURAIS DOS ARREDORES


2ºA
No ceo saiu unha nube.
Da nube, caeu unha pinga.
Na terra estaba a castaña e unha pinga caeuse enriba
A pinga e a castaña fixéronse amigas.
A pinga foi de viaxe pola río.
Mentres a castaña botou raices na terra.
A castaña convertiuse nun castiñeiro
A pinga da auga chegou ata o mar.
Chegou o sol.
A pinga feita vapor formar nubes.

Traballamos co refugallo

Na área de Naturais, como todos os anos, os alumnos e alumnas de 1º, traballamos a regra das 3R: reducir-reutilizar-reciclar, para que os nenos e nenas coiden a natureza que tanto queren.



Este ano, aproveitando algún materiais de refugallo que tiñamos nas nosas aulas, fixemos estes traballos.

A que vos gustan?

Son auténticas obras de arte!!!

O alumnado de 1º

CONCILIACIÓN

CADA DÍA, AÍNDA COA ALMOFADA PEGADA Á CARA RECIBIMOS NA ESCOLA AOS PEQUES...DENDE O NOSO SERVIZO TRATAMOS DE FACILITAR A CONCILIACIÓN FAMILIAR...FORON MOITAS AS ACTIVIDADES REALIZADAS...PASÁMOLO PIPA!!!

8M

OBRADOIRO TINTES

CAZAMOS POKÉMON

OBRADOIRO XABÓN

FESTA DA ALUGA



XARDÍN VERTICAL

DIA CONTRA A VIOLENCIA

PARTICIPAMOS NA CAMPAÑA PROMOVIDA DENDE A ÁREA DE EDUCACIÓN, MULLER, XUVENTUDE E INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE SARRIA, BAIXO O LEMA" CREAMOS O QUE CREMOS".

ENCHIMOS SARRIA DE MENSAXES POSITIVAS COAS NOSAS "MOCHILAS VIAXEIRAS".

MENSAXES DE IDA E VOLTA, ESCRITAS POLO NOSO ALUMNADO NOS LAZOS MORADOS , SÍMBOLO DA DATA, QUE COLGARON NAS SÚAS MOCHILAS CO ÁNIMO DE CONCIENCIAR Á SOCIEDADE PARA TERMINAR COA LACRA SOCIAL DA QUE SON VÍTIMAS MOITAS MULLERES ACTUALMENTE.

ENGLISH TIME



O longo do curso realizamos diferentes traballos na especialidade de Lingua estranxeira: Inglés.

Os alumnos de primeiro escriben sobre eles, os seus amigos e os xoguetes que teñen.

Os alumnos de segundo contan o que saben e o que non saben facer.



Os alumnos de 1º de primaria debuxan caras terroríficas seguíndo instrucións en Inglés relativas a parte da cara, cor, número, tamaño e material a empregar. Como podedes ver os resultados foron terriblemente impresionantes.

Infantil



Actividades seguindo instrucións en inglés:
3 años: Elexir a peza indicada e colocala no número indicado.
4 anos: Debuxamos elementos de primavera seguindo as instrucións en inglés relativas a vocabulario de primavera, cor e cantidade.
5 anos: Debuxamos monstros de tiza coas partes do corpo indicadas.

A CAIXA DO CORREO

A CASIÑA DO APALPADOR

EXPOSICIÓN DE TRABALLOS

TARXETAS NAVIDEÑAS

VIRA VIRA SEN PARAR

PANXOLIÑAS

O BONECO DE NEVE

MONTAMOS O PIÑEIRO

A ARBÓRE DOS DESEXOS

CONTOS DE NADAL DOCES E TURRÓN CHEGOU O APALPADOR

FELICITACIÓN AUDIOVISUAL POLO NADAL UN LIBRO REIS MAGOS

OBRADOIRO DE ADORNOS A CASIÑA DE PAPÁ NOEL

Exposición de instrumentos

Este curso fixemos no Frei Luís unha exposición de instrumentos con material de refugallo. Nela puidemos ver tambores, maracas, güiros, cascabeis, paos de choiva, pratos, etc.

Quedaron xenial!!!

DÍA DA PAZ

Do individual ao colectivo..
Cada aula uniu seu traballo nun ben comú.Os resultados?
Espectaculares!, amosando a forza do traballo en equipo.

Así xurdiron os murais creativos baseados na simboloxia da paz que encheron a entrada principal da escola, e puxeron "color a la vida!".

O traballo dae aula dende infantil ata primaria e o "toque" especial do profe Javi deron os seus froitos.



UNHA ALIÑA, DÚAS ALIÑAS, O PETEIRO...

OU ESPABILO OU ME PILLA O TIMBRE!

GRAZAS JAVI!!!

Todo o traballo foi recollido nun libro de codigos QR que vos agarda na Biblioteca Ratilín!

O IMPORTANTE É FACER UN BO EQUIPO

As nenas e nenos de cuarto de Primaria do Frei Luis convertemonos en muralistas durante uns días. Partindo do lema: “O importante é facer un bo equipo” traballamos valores como o respeto, o compañeirismo, a empatía, o traballo en equipo e a tolerancia, entre outros.

Coñecimos o proceso creativo dende a aproximación ao bosquexo ata o resultado final. Traballamos con distintas técnicas artísticas e diferentes materiais.

Neste proceso o alumnado exprésase libremente, experimenta, xoga e o profesorado acompaña, procurando intervir o mínimo posible para non condicionar as súas investigacións propias.

As seguintes imaxes amosan parte do proceso no muro, neste caso, unha parede cedida polo instituto Xograr Afonso Gómez ao que lle estamos moi agradecidos. Sen a súa colaboración este proxecto sería imposible, grazas por formar parte do noso equipo.

ENTROIDO

TEMPO DE FESTA E ESMORGA,
DE MÁSCARAS E DISFRACES
DE CORES E ALEGRÍA
RISAS, BAILES E LAMBONADAS!

AQUÍ AO MECO DO COLE
GÚSTALLE MOITO MANDAR,
DÍA TRAS DÍA UN MANDIÑO.
UNHA SEMANA ENTEIRA DE FESTA!

AI, AI, AI! QUE MALA ESTOU HOXE DO REUMA

XA CHO DIXEN ONTE...O CORPO NON NOS DA PARA TANTA VERBENA

CALADE E SONREÍDE PARA A FOTO

EU COMO JULIO IGLESIAS... POÑEREI O PERFIL BO!

A PROFE NON ESPERTA,IREI POR UN BALDE DE AUGA... JAJA

TIÑAMOS TANTAS GAÑAS...

OBRADOIRO LITERARIO

NESTE CURSO TAN ESPECIAL OS/AS NENOS/AS DE 5ºA TRABALLAMOS OS CONTOS E A POESÍA. ESCRIBIMOS POESÍAS A NOSA XELA, AS NOSAS MASCOTAS,... E TAMÉN CONTOS NOS QUE CREAMOS OS NOSOS PROPIOS PERSONAXES.

E O CABALO

Leila era unha nena de sete anos que viviía en Sazzia. Sazzia era un pequeno pobo onde había poucas casas e moitos campos. No seu décimo aniversario dixoulle aos seus pais: Mamá, Papá quero un cabalo! Os seus pais quedaron pensando e o seu pai dixo: Non! Leila empezou a chorar pero a súa mai dixo. Temos que comprarllo e o pai dixo: OK! e Leila botou unha sonrisa.

A NOSA XELA

A nosa Xela,
é unha estrela,
co seu valor,
nos enseñou.

A nosa Xela,
é perfecta,
coas súas manifestacións,
nos fascinou.

A nosa Xela,
é unha estrela,
con ela de poeta,
nos encantou.

A nosa Xela,
é perfecta,
con ela de maestra,
nos enseñou.

A nosa Xela,
é unha estrela,
as súas traducións,
nos encantou.

Xela sen ti os galegos
non seríamos os mesmos

O GATO MARIN

O gato Marin
é un sotarón
vai por un peixiño
No tenda de Montiña.

Non para de merendar
ata reventar.
Se a gata conta
Marin lle da un zarpazo
e o morde ata espanta.

Durme ata Ana nova
e esperta moi loba,
non se baña para nada,
nin canta queda cunta gota.

LOITA POLO TEU SONO

Nun lonxano pobo vivía Sabela, tiña dezaseis anos. Era unha princesa que o seu sono era ser militar. Os seus pais eran moi rixidos e non querían que a súa filla fora militar. Ela non se rendiu, escapouse para poder entrenar. Ao cumprir os desaseis anos xa pudo entrar nunha escolar militar. Ninguén lle podía impedilo. Decidiu voltar ao castelo para contarllelo aos seus pais. Aínda que, non lles gustou moito deixaron que volvera a vivir con eles. Tivo que loitar varios anos para poder cumprir o seu sono.

Como a princesa do meu conto nunca deixes de loitar para conseguir o teu sono.

5ºA

A TRAVÉS DOS NOSOS RELATOS EXPRESAMOS OS NOSOS SENTIMENTOS.

AQUÍ TEDES UNHA PEQUENA MOSTRA DOS NOSOS TRABALLOS.
DESEXAMOS QUE VOS GUSTEN!

Sarria, 27/5/2021

O CABALO BRANCO

Polos montes galegos, vivía un cabalo branco chamado Pícaro. Ninguén podía montar encima del por veloz. Pola noite dormía nunha caverna que ninguén coñecía.

Un día chegou ao pobo un cazador e enterouse de que había un cabalo branco e dixo: "Vouno cazar."

A mañá seguinte saír cunha corda e un pau. Esperou cinco horas a que viñera Pícaro, cando chegou o cazador tirou a corda pero Pícaro dun mordisco cortou a corda e escapou e o cazador quedou moi triste.

O cazador intentouo dúas veces máis, pero non foi posible cazar o Pícaro. Intentouo unha vez máis, collen a corda e foi ao monte. O cazador tirou a corda e atrapouno. Pícaro cando estaba atrapado ninchou e escoitáronno que estaban por ali e foron polo cazador. Cando o cazador viu que iban a por el, botou a correr tanto que daba coas zancas no cu e Pícaro quedou libre.

Ao final, o cazador non cazou máis e adicouse a cazar grilos que lle acarreaban menos problemas.

Moralexa: Non atormentes a ninguén xa que podes ser ti o atormentado

¡PÍCARO!

DANIEL VILA GARCÍA, 5º C

A fortaleza de Sarria

A ti que estas lendo isto, nun tempo fun unha gran torre militar do século XV. Fun construída no século XIII onde vivía un conde. Orixinalmente contaba con sótanos, pozos, catro torres,... Fun destruída entre os anos 1467 e 1469 durante as Revueltas Irmandiñas. Posteriormente, o I Conde de Lemos obrigou os seus vasallos a que me reconstruíran. Para facelo, os vasallos precisaron da axuda dos bois para transportar as pedras. Como no século XV houbo moitas guerras entre o conde de Trastámara, o de Lemos e o Mariscal Álvaro González de Ribadeneira, os reis católicos tomáronme baixo a súa protección e evitaron o meu derribo.

Os reis católicos viñeron a Sarria, e, como viron que era un lugar moi privilexiado, porque pasaba o camino de Santiago, cedéronme a un novo dono.

Actualmente, conséroase tan só unha das miñas torres de fronte de losa e pedra de granito, que alcanza os quince metros de altura, dende onde se pode contemplar un espléndido paisaxe da Veiga de Sarria.



ROSALÍA SANTABAYA LÓPEZ 5ºC

EDUCACIÓN FÍSICA AO AIRE LIBRE

Nature

Sección bilingüe

Nature: Unha palabra un proxecto común. Na SECCIÓN BILINGÜE de plástica en Inglés o alumnado de sexto traballou nesta proposta que consistiu na creación de coloridas mensaxes fomentando o coidado da natureza. Fixemos revisión de vocabulario e estructuras gramaticais e unha vez elexida a mensaxe cada un elaborou libremente a sua composición deixando paso a creatividade. Cos traballos xa feitos sacaron fotos e fixeron vídeos lendo a suas mensaxes. Aquí podedes ver unha mostra dalgúns deles.

LOVE TREES
LOVE TREE
LOVE TREE
I LOVE TREES
Love trees

SAVE THE PLANET
SAVE THE PLANET
PROTECT OUR PLANET
PROTECT OUR PLANET
LOVE GREEN
LOVE GREEN

DÍA DE ROSALÍA

ROSALÍA ENTROU NAS NOSAS AULAS.
O SEU ESPÍRITO, A SÚA FORZA O SEU AMOR POR GALICIA E A NOSA LÍNGUA..SACOU O MELLOR DE NÓS NA CELEBRACIÓN DO SEU DÍA.







CELEBRANDO A ROSALÍA

En Santiago naceu Rosalía
no mes de febreiro, un día.

Coa súa nai ao seu carón
pasou a infancia en Padrón.

De moza moito estudou
e a escribir se adicou.

Con Manuel Murguía casou
e a sete fillos criou.

Foi poetisa i escritora
de moitos libros autora.

Nós lembramos cada ano
a gran Rosalía de Castro.

3ºC

XELIÑA FALA GALEGO

Por Valentín Arias López

A Xeliña e unha nena pizparrela. Que naceo nunha aldea, a carón da fermosa vila de Sarria. Vai xa pra sete anos.

Os pais da Xeliña son galegos. O mesmo que a sua familia toda.

E consideraron moi natural falar ca sua nena na lingoa galega que iles adoitan a cotio. A Xeliña, pois, deprendeo a falar na lingoa nai dos galegos.

Pesie a que ista determiñación dos pais de Xeliña non foi ben vista por moitos. Lembrome moi ben de un dia que estando os pais e a nena nun comerciucho da vila, ó decatarse que a nena falaba galego, moi afiixida e compunxida, chea de lástemas pola nena e de noxos polos pais, escramou a tendeira:

"¡Oh! ¡Y le hablan gallego! Qué pena que no le hablen castellano ¡Con lo riquiña y fina que es la niña! Si fuese un niño, aún pasaba; pero enseñarle gallego a una niña tan guapa..."

O tempo foi pasando. Deica que a Xeliña tivo catro anos. Enton, seu pai fixolle ver que cada pobo ten a sua lingoa. E que compre coñecer moitas lingoas pra se entender con moita xente. En consecoencia, acordaron falar todos castelán perante unhos dias pra que a nena adeprendera ista lingoa; a mais da galega que xa coñecia. No entendemento que mais adiante farano igoal ca francesa. E tamén con algunhas outras lingoas.

Cando andaba nos cinco anos, a Xeliña emprencipiou a ir a escola coma tódolos nenos.

Hoxe, que anda nos sete como xa queda dito, prégalle a seu pai que merque contos pra ila lelos. En galego e mais en castelán. Por certo que gosta moito dos nomeados: "A filla do rei", "Graumillo", "Polo mar van as sardiñas", "Blanca Nieves", "Ricitos de oro", "Patito feo"...

Eu, que coñezo a ista nena dendesde que naceo, son testigo que niste intre —cos seus seis anos recen estrenados— a Xeliña "domina" a lingoa castelán como calquer outra nena (da súa edade, intelixencia e condición social semellantes) que falara sempre non mais que na lingoa de Castela. E mais "domina" tamén a lingoa galega de igoal xeito.

Co que, eu entendo, non se atopa en inferioridá de condiciós a Xeliña. Se non, mais ben, todo o contrario:

Por unha banda, entenderase cos cento cincoenta millós de persoas castelán falantes que somos no mundo. I entenderase, asemada, cos cen mil milleiros de portugueses e brasileiros, cuia lingoa nai e a portuguesa; ó cabo tan perto ista da galega ainda que antre portugueses e galegos non hai custión por mor da lingoa.

De outra banda, teño pre min que a Xeliña e un pouco menos rutineira no adeprendemento lingüistico do que os rapaces monolingües; pois está arreo a facer comparanzas antre as dúas lingoas que ila coñece, refleisionando constantemente sobor dilas.

I e ben sabido que e mais doado adeprender unha nova lingoa cantas mais lingoas se coñecen. A quen fala sete idiomas cústalle menos traballo deprender o oitavo do que lle custa deprender o terceiro ó que fala tan soio dous. E, por isto, a Xeliña que xa coñece duas lingoas —a galega i a castelán— terá unha miaxa mais de facilidade pra adeprender outras que si coñecera non mais a lingoa de Castela, poñamos por caso.

Ademais, compre que non esquezamos que xustamente a lingoa e o meirande logro coleitivo de un pobo. Aquilo que lle da carácter. O pobo

8M DÍA DA MULLER

"PORQUE QUEDA MOITO POR CAMBIAR"

A PRIMAVERA CHEGOU ÁS AULAS DE INFANTIL

Durante o terceiro trimestre o alumnado de educación infantil estivo inmerso no estudo da flora e fauna propias da estación primaveral.

Os nenos/as de tres anos realizaron diversas manualidades utilizando material de refugallo, poñendo así en valor o concepto de reciclaxe e coidado da natureza.

Os maiores de educación infantil fixeron un traballo colaborativo potenciando, deste xeito, a importancia do traballo en equipo. Escaneando o código QR podedes ver o proceso de elaboración deste fermoso mural. **NON DEIXEDES DE VELO!!!**

Nas aulas de 4 anos estivemos a facer un estudo para o coñecemento de diferentes insectos, así como a observación directa do ciclo da vida dunha xoaniña coa posta en marcha dun criadeiro de xoaniñas. Aproveitamos ademais para concienciar ao alumnado da importancia das xoaniñas na loita de plagas das plantas, como depredador natural do pulgón.

Coa chegada do bo tempo decidimos realizar actividades ao aire libre como estas bolboretas ás que decoramos e baleiramos o interior das súas ás. Despois, fotografámolas poñendo como fondo un elemento da natureza. O resultado, salta á vista! Mirade, mirade!!!!

A verdade é que o proxecto da PRIMAVERA deu para moito!!! E, por iso, fixemos un montón de actividades ben xeitosas…

PRANTAMOS…



XOGAMOS…

APRENDEMOS VOCABULARIO…

E TAMÉN NÚMEROS…

E, POR SUPOSTO, CREAMOS E ACHEGÁMONOS O MUNDO DO ARTE…

SABÍAS QUE…?

É moi importante almorzar ben para ter enerxía para todo o día.

Para ter boa saúde hai que alimentarse ben, facer exercicio, durmir dez horas e coidar a hixiene, lavando as mans, antes de comer e os dentes despois de cada comida.

Podemos tomar todos os días froitas, verduras, pan, pasta e lácteos De tres a cinco veces por semana embutidos, carne ou peixe. As chuches, doces hamburguesas e coca-cola só de cando en vez.

Debemos beber moita auga e non bebidas con azucre.

2ºC

Escoitamos, observamos,
lemos, escribimos,
pintamos, recortamos.....
Este foi o
resultado final do
noso traballo...!

SECCIóN BILINGüE

Este curso na sección bilingüe tivemos con nos a Richa, auxiliar de conversa de Nova Deli (India).Estivo no noso centro casi tres meses e foi un pracer contar ca súa colaboración.

En inglés en infantil e primaria





Co alumnado de 5º e 6º en inglés e en plástica bilingüe.

THANKS RICHA!

Día do Libro en 3ºA

Este ano, en 3º A, cando chegou o 23 de abril celebramos o Día do Libro. E aprendemos moitas cousas que non sabiamos sobre ese día tan importante:

POR QUE SE CELEBRA O 23 DE ABRIL ?

Coñecemos que se celebraba ese día porque na mesma data, pero de 1616, morreran dous dos máis importantes escritores de todos os tempos. Un que escribía en castelán e outro en inglés.
Foron:

MIGUEL DE CERVANTES:

Son Miguel de Cervantes Saavedra e escribín un dos libros máis coñecidos da literatura universal. "Don Quixote da Mancha".

WILLIAM SHAKESPEARE

Eu son William Shakespeare, escribín tamén obras moi coñecidas en todo o mundo: Romeo e Xulieta, Macbet, Otelo.



Despois de aprender a historia do Dia do Libro fixemos uns debuxos,



Quedaronnos moi chulos.
Verdade!





OBRADOIROS DE MARCAPÁXINAS



A HISTORIA DOS MAIOS

A celebración das festas de maio é común en moitas outras partes de España e Europa, onde hai variantes similares da mesma festa. A súa orixe está necesariamente ligada á manipulación da natureza por parte dos seres humanos; Neste sentido, pode moi ben remontarse ao período magdaleniano, cando xurdiron os primeiros rituais asociados á colleita, ou ao neolítico, coa consolidación da agricultura e os estilos de vida sedentarios.

Hai dous tipos de maios, o humano e o figurado. O primeiro está case desaparecido na actualidade e só o atopamos en pequenas localidades do norte, como Ribadeo ou Portomarín.

Os nenos traballaron arreo:

OS MAIOS

Os maios é o nome dunha festa popular galega que forma parte do chamado ciclo de maio, época de exaltación da natureza ó comezo da primavera. O seu orixe remóntase as civilizacións prerromanas e celébrase arredor do 1 de maio.

Nesta festividade realízanse representacións, bailes e cantos arredor dos maios, unhas estructuras inspiradas en figuras de árbores con adornos de flores, follas e froitos.

Os alumnos de 2ºB fixemos a nosa propia interpretación desta festa. Debuxamos unha árbore e a coloreamos entre todos e todas. Recortamos flores e froitas, coloreámola e as pegamos.

Tamén creamos un poema

Somos os alumnos de 2º
e imos a mostrarvos
con moita ledicia
os nosos propios maios

Nos maios despedimos o
inverno e recibimos a primavera
cheo de froitos e flores
que teñen moita maxia e cores.

Quen ben nos quedou
fermoso e florido
O próximo ano
será máis colorido

E así rematou a nosa particular celebración sobre os Maios

TRABALLO REALIZADO POLOS NENOS/AS 2º B

QUERIDA XELA



QUERIDA XELA VOANDO LIBRE VAS
A FALTA DE LIBERDADE
NUNCA NUNCA MÁIS
2021 ANO XACOBEO
DENDE SARRIA CON AMOR
PARA O MUNDO ENTEIRO.

PROXECTO INTERDISCIPLINAR DE CREACIÓN PROPIA DOS MESTRES DO FREI LUIS .
TRABALLO EN EQUIPO PARA COMPARTIR CO GREMIO DOCENTE E ACHEGAR AOS NOSOS ALUMNOS/AS Á VIDA E OBRA DE XELA.

UN TRABALLO NO QUE TODO O ALUMNADO DE PRIMARIA PARTICIPOU E FOI COLGADO NO PORTAL DA LINGUA COMO UN DOS MÁIS IMPORTANTES REALIZADOS NAS ESCOLAS GALEGAS.

ABRAHAM CUPEIRO, MULTIINSTRUMENTISTA, VECIÑO DE SARRIA E EX-ALUMNO DO NOSO COLE, COLABOROU NO NOSO PROXECTO.O SEU IMPRESIONANTE KÁRNYX SONOU NOS LUGARES MÁIS SENLLEIROS DA NOSA VILA.
GRAZAS ABRAHAM!

ÁREA DE INGLÉS

MÚSICA

ED.FÍSICA

XINCANA

XELA TRADUTORA

PERCUSIÓN CORPORAIS

COREOGRAFÍA

CANCIÓN BIOGRÁFICA

VISITA O NOSO TABOLEIRO DE LETRAS GALEGAS

https://view.genial.ly/6078bf74e9b5e00db703ea15/interactive-content-taboleiro-actividades-xela-arias

Acrósticos para Xela Arias

Os nenos e nenas de 3ºB, convertéronse en poetas e decidiron dedicarlle acrósticos a Xela Arias, a autora homenaxeada o Día das Letras Galegas. Con ela aprenderon moito sobre poesía, sobre mulleres fortes e sobre a importancia da nosa lingua.

Xela en Sarria naceu.
Entre a natureza aprendeu.
Louca pola poesía se volveu,
A medida que creceu

Xa dende nena, nas letras vivía.
Ela o galego protexía.
Levaba a creación alí onde ía.
A beira das árbores compoñía.

Escanea o código QR para ir ao vídeo onde se recitan os acrósticos.

Xela escribindo vivía.
E amaba a poesía.
Letras galegas ela escribía.
A igualdade defendía.

Xela non era unha profe calquera.
Ensinar a súa paixón era.
Libres xogaban coas letras dela,
As agachadas detrás dos poemas.

Xa recordamos a Xela tradutora.
En galego falaba, sentía e escribía.
Líder do galego, activista, soñadora.
Andando nas palabras o idioma defendía.

Xela era poeta e tamén tradutora,
E escribía poesía a todas horas.
Liderou unha revolución escritora,
Adoranada con letras cantoras.

NON TE AMOLA!

O pasado 18 de maio, co gallo de celebrar o día das Letras Galegas, alumnado dos diferentes centros educativos de Sarria xuntámonos para celebrar un acto poético colectivo en homenaxe a Xela Arias.
O eixe vertebrador é a unión e xuntanza da comunidade educativa en prol da cultura e da lingua galega representadas na senlleira figura literaria da homenaxeada.
Votámonos á rúa como fixeron os xograres medievais e espallamos os seus versos.
No noso caso relatamos a vida de Xela Arias a partir de escollas feitas da súa propia biografía, Non te amola!, a súa primeira achega á narrativa. Trátase dunha biografía emocional dunha infancia que se proxecta, vizosa, cara aos nosos días.

Xela Arias, naceu en Sarria no ano 1962. Foi unha poeta que publicou libros esenciais como *Denuncia do equilibrio*, *Tigres como cabalos* ou *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo, en que aborda a maternidade cunha mirada afastada do tratamento tradicional.
Autora sempre comprometida, puxo a súa voz en mobilizacións cívicas como a da marea negra do *Prestige* e en favor da lingua galega.
Traduciu para o galego desde o inglés, italiano, portugués e castelán autores como Bram Stoker (*Drácula*), Roald Dahl (*As bruxas*) ou Gianni Rodari (*Contos ao teléfono*).
Finou en Vigo no ano 2003.

DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

Os nenos e nenas de Terceiro C fixeron un mural ca axuda da súa mestra. Fixeron un debuxo principal e despois debuxiños pequeniñ eo colgaron fóra da clase.



3º C

DESCOBRINDO A XELA

XELA ARIAS CASTAÑO

Vou falar de Xela Arias Castaño, grande escritora Galega.

Naceu en Ortoá, preto da Granxa de Barreiros, en 1962.

É filla de Amparo Castaño e Martín Arias. Seu pai tamén era escritor. Tiña 11 irmás. En 1964 ela, chamada «María de los Ángeles», pasou a chamarse «María dos Anxos» e daí a uns anos, simplemente «Xela».

Ata os 7 anos Xela estudou na granxa de Barreiros. Cando era xa nativa foi a Vigo estudar Bachareleto. Na universidade estudou Dereito e Investigación e máis tarde, Pedagoxía, como editora e escritora. En 1986 remateu os estudos.

Empezou a traballar como profesora substituta de Ensinanza Secundaria de Lingua Castelá e Literatura. Un ano máis tarde (1992), casou con fotógrafo e matemático. Tivo un fillo con el, chamado Darío. Desde o ano 1980, Xela Arias empezou a publicar, libros, revistas, xornais...

Unha foi «A rosa terna», «Diario 16 de Galicia», «Faro de Vigo»...

En 1986 publicou un libro moi importante para ela, e para a súa xente, «Denuncia do equilibrio».

Xela Arias dedicouse á tradución do Galego de diversos autores, como: Jorge Amado, Camilo Castelo Branco...

Xela tamén escribiu xeladas moi importantes. Tres anos despois do nacemento do seu fillo Darío, publicou un diario chamado «Darío o diario». En 1986 foi finalista en certames, o Premio Antón Losada co seu primeiro libro «Denuncia do equilibrio».

Este 2021 a Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas a Xela Arias Castaño.

En novembro de 2003, Xela Arias Castaño falleceu aos 41 anos no Hospital de Vigo, debido a un paro cardíaco. Foi soterrada no cemiterio Viguês de Pereiró.

No mes de xeiro estamos facendo proxectos e traballando sobre ela. Dedicámoslle bailes, debuxos, canciónes, textos...

Querémoste, Xela!♡

6º A

XELA ARIAS E AS LETRAS GALEGAS

O día 17 de maio celebramos en Galicia o Día das Letras Galegas, escolleuse este día porque foi a data na que se publicou o libro “Cantares Gallegos” de Rosalía de Castro. Cada ano a Real Academia Galega escolle un autor para homenaxealo; celébranse moitos actos en toda Galicia.

En 2021 elexiron a Xela Arias. É unha escritora de poesía que naceu en Sarria en 1962 e morreu en Vigo no ano 2003. Xela naceu en Barreiros porque o seu pai era mestre na escola da Granxa de Barreiros. Cando tiña 7 anos a familia de Xela Arias trasladouse a vivir a Vigo. Estudou no Instituto Castelao e despois traballou nunha editorial. Moitos anos despois rematou os estudos e matriculouse na Universidade de Vigo. Cando rematou a universidade traballou de profesora en varios institutos ata o seu falecemento.

Como escritora empezou a publicar en 1980, primeiro en xornais e revistas. En 1986 escribiu o seu primeiro libro de poesía. Tamén foi tradutora de libros ao galego. Recibiu varios premios polos seus libros.

Este ano vai ser un Día das Letras Galegas moi especial para a vila de Sarria, porque Xela naceu eiquí, vanse celebrar moitos actos e homenaxes. Cambiouse o nome da Rúa José Antonio, que a partir de agora pasa a chamarse Rúa Xela Arias. Tamén un artista pintou un mural coa cara de Xela nunha casa xunto a Capela de San Lázaro.

Todos os sarriáns debemos estar moi orgullosos de que unha escritora que naceu eiquí, sexa homenaxeada no Día das Letras Galegas deste ano.

Diego Rigueiro López



5ºB

OUTRA PROMOCIÓN QUE SE VAI...

Ano tras ano despedimos unha xeración, facédesvos maiores! .

De moitos recordamos o voso incio na escola, os primeiros días, o guapiños/as que estabades de mandilón, o cambio do lápis ao boli, mil e unha anécdotas ....acordádesvos? Nós si e sentímonos orgullosos/as das persoas que estades construíndo ser.

Atrás queda a vosa etapa de Ed.Infantil e Primaria. Desexamos que a vosa maleta continúe a viaxe iniciada connosco pola formación.Esperamos levedes unha boa pegada nosa e unha carga educativa que vos facilite o inicio no Ensino Secundario .

Alí iniciades unha nova aventura, espéranvos novos amigos, experiencias,novos profes, momentos...
Tal vez vaiades con certa angustia cara ese novo reto,pero pensade que así é o camiño da vida...superarse cada día, vencer os medos e intentar ser cada día mellores.

Recordade sempre...que aquí pretiño agarda o Frei Luís, a vosa escola, os vosos mestres que vos agardan coas portas e os brazos abertos.

Moita sorte e ata sempre!

6° nivel. CURSO 2021